

III. Os Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2007

1.- O ESCENARIO ORZAMENTARIO.

Na anualidade do exercicio 2007, a Xunta de Galicia, enmarca a súa estratexia orzamentaria no contexto das prespectivas financeiras da Unión Europea para o período 2007-2013 dacordo co desenvolvemento previsto no Marco estratéxico de Galicia (MECEGA).

Para levar a cabo esta estratexia de converxencia e cohesión social de Galicia, o orzamento do 2007 concentra máis do 70% do seu crecemento nos obxectivos básicos do novo proxecto de cambio en relación co crecemento do país.


O incremento do aforro bruto (20,1% respecto ao ano 2006) é destinado ao aumento dos investimentos.

EVOLUCION DO AFORRO ORZAMENTARIO

ORZ. CONSOLIDADO	2005	2006	2007	%Δ 2006-05	%Δ 2007-06
INGRESOS CORRENTES	7.714,5	8.499,5	9.349,3	10,2%	10,0%
GASTOS CORRENTES	6.364,8	6.978,7	7.522,1	9,6%	7,8%
AFORRO BRUTO	1.349,7	1.520,9	1.827,2	12,7%	20,1%

Millóns de C

GRÁFICO1. EVOLUCIÓN DO AFORRO ORZAMENTARIO



Ademáis a evolución do aforo orzamentario nos últimos anos é crecente, pasando do 12,7% de incremento no exercicio 2006 con respecto ao 2005 é incrementándose 7,4 p.p. no ano 2007.

Os investimentos directos xunto cas transferencias de capital constitúen o 26,3% do total do orzamento de gastos consolidados e cifranse conxuntamente en 2.688,3 millóns. (o 5,1 % do PIB)

CADRO 2. AFORRO E INVESTIMENTO

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2006	2007	% Δ 2007-06
AFORRO BRUTO	1.520,9	1.827,2	20,1%
INGRESOS DE CAPITAL	897,5	884,7	-1,4%
INVERSIÓN POR OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.447,2	2.688,3	9,9%
DÉFICIT POR OP. DE CAPITAL	1.549,8	1.803,6	16,4%
NECESIDADE (-) OU CAPACIDADE (+) DE FINANCIAMENTO	-28,9	23,6	NS
VARIACIÓN ACTIVOS FINANCEIROS	-111,1	-117,5	5,8%
VARIACIÓN NETA DE DÉBEDA	140,0	93,9	-32,9%

Millóns de €


CADRO 3. ESTRUCTURA DE GASTOS NON FINANCEIROS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2007	% Δ 2007-06
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	4.478,7	7,7%
GASTOS EN TRANSFERENCIAS	2.896,5	8,1%
GASTOS DE CAPITAL	2.688,3	9,9%
GASTOS DE FINANCIAMENTO DE DÉBEDA	147,0	3,2%
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	10.210,5	8,3%

Millóns de €

ORZAMENTO DO GASTO NON FINANCEIRO CONSOLIDADO

- GASTOS DE FUNCIONAMENTO
- GASTOS EN TRANSFERENCIAS
- GASTOS DE CAPITAL
- GASTOS DE FINANCIAMENTO DE DÉBEDA



O total de gastos non financeiros, que ascenden a 10.210,5 millóns de euros, incrementábase no seu conxunto na porcentaxe do 8,3% respecto ao exercicio anterior, e supoñen o 94,7% do total do orzamento consolidado. Fronte a este incremento os gastos correntes incrementábase o 7,8%, os de capital o 9,8%.

CADRO 4. ESTRUCTURA DE GASTOS NON FINANXEIROS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2007	% Δ 2007-06
GASTOS DE PERSOAL	3.174,4	8,3%
GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.242,5	6,4%
GASTOS FINANXEIROS	147,0	3,2%
TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.896,5	8,1%
FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREV.	61,7	7,0%
GASTOS CORRENTES	7.522,1	7,8%
INVESTIMENTOS REAIS	1.331,5	10,4%
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.356,8	9,3%
GASTOS DE CAPITAL	2.688,3	9,9%
TOTAL GASTOS NON FINANXEIROS	10.210,5	8,3%

Millóns de €

Os gastos de funcionamento supoñen o 7,7% de incremento con respecto ao exercicio 2006, e un incremento en termos absolutos de 321,7 millóns de euros, o que pon de manifesto o esforzo no investimento realizado no exercicio

Os orzamentos dan cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para o conxunto das comunidades autónomas no trienio 2007-2009, e en particular ao obxectivo de equilibrio nas contas públicas de Galicia nas anualidades subliñadas, e no “Plan Económico Financeiro“ da nosa Comunidade para o exercicio 2007.

OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PARA A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

(contabilidade Nacional SEC 95. En porcentaxe do PIB estatal

TRIENIO 2007-2009



2007	2008	2009
0,00	0,00	0,00

Presenta unha capacidade de financiamento positiva de 23,6 millóns de euros, e dicir, un resultado non financeiro positivo.

Os gastos de capital financianse nun 63,9 % con aforro corrente e nun 32,9 % con ingresos de capital.

Non obstante e tendo en conta a recente reforma introducida na Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria (Lei 15/2006, de 26 de maio), que establece, con carácter excepcional, (e con independencia do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para a Comunidade Autónoma), a posibilidade de financiar con endebedamento os programas destinados a atender actuacións produtivas incluídas as destinadas a investigación, desenvolvemento e innovación, o orzamento, inclúe un total de 85,2 millóns de débeda con esta finalidade concreta.

Asimesmo inclúe un total de 9 millóns adicionais para a adquisición de activos financeiros (endebedamento que non afecta o nivel de equilibrio orzamentario en termos do protocolo de déficit excesivo). O total da variación de activos financeiros orzamentados ascende a 117,5 millóns que contribúe á formación de capital.




Os ratios de Débeda viva neste orzamento, melloran substancialmente, pasando do 7,2% do PIB no 2006 ao 6,59% no 2007. Do mesmo xeito, a porcentaxe de Débeda viva con respecto ao Aforro mellora xa que pasa do 2,32% no ano 2006 ao 1,99% no 2007.

CADRO 5. EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO NETO

CONSOLIDADO	2005	2006	2007	%Δ 2006-05	%Δ 2007-06
ENDEBEDAMENTO BRUTO	515,8	514,1	551,0	-0,3%	7,2%
AMORTIZACIÓNS	386,5	374,1	457,1	-3,2%	22,2%
ENDEBEDAMENTO NETO	129,3	140,0	93,9	8,3%	-32,9%

Milóns de €



O endebedamento neto diminúe no actual exercicio en 46,1 millóns de euros respecto o exercicio 2006.

Os gastos de financiamento da débeda recollen un total de 147 millóns de euros, cun incremento do 3,2 % fronte ao 2006 na perspectiva dun incremento dos tipos impositivos durante o exercicio.

A previsión do gasto non financeiro consolidado (10.210,5 millóns de euros) representa un crecemento inferior ao crecemento dos ingresos non financeiros que se cifra no 8,3% fronte o 8,9% que representa os ingresos.

CADRO 6. ESTRUCTURA INGRESOS NON FINANCEIROS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2007	% Δ 2007-06
IMPOSTOS DIRECTOS	1.167,8	8,7%
IMPOSTOS INDIRECTOS	2.636,0	9,3%
TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	265,0	7,5%
SUBTOTAL CAP. I, II e III	4.068,8	9,0%
TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.265,5	10,8%
INGRESOS PATRIMONIAIS	14,9	10,7%
INGRESOS CORRENTES	9.349,3	10,0%
ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS	90,7	25,3%
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	794,0	-3,8%
INGRESOS DE CAPITAL	884,7	-1,4%
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS	10.234,0	8,9%

Millóns de €

A estrutura dos ingresos non financeiros pon de manifesto un crecemento dos ingresos correntes do 10 % sobre o ano 2005 como froito do crecemento dos impostos directos e indirectos e de transferencias correntes, os tres capítulos de maior peso dentro dos orzamentos de ingresos.

Transferencias correntes representa o 51,5 % dos ingresos non financeiros e incrementan o 10,8 %

A maior parte do incremento de ingresos por transferencias correntes, proveñen do fondo de suficiencia e das subvencións finalistas do estado, así como do anticipo de la liquidación definitiva dos tributos cedidos e do propio fondo de suficiencia, derivadas das medidas normativas en vigor.

O total do orzamento consolidado ascende a 10.785,7 millóns de euros e representa un crecemento do 8,8% respecto ao ano 2006.

CADRO 7. INGRESOS TOTAIS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2007	% Δ 2007-06
INGRESOS NON FINANCEIROS	10.234,0	8,9%
ACTIVOS FINANCEIROS	0,7	1,5%
PASIVOS FINANCEIROS	551,0	7,2%
INGRESOS FINANCEIROS	551,7	7,2%
TOTAL INGRESOS	10.785,7	8,8%

Millóns de €

CADRO 8. GASTOS TOTAIS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2007	% Δ 2007-06
GASTOS NON FINANCEIROS	10.210,5	8,3%
ACTIVOS FINANCEIROS	118,2	5,7%
PASIVOS FINANCEIROS	457,1	22,2%
GASTOS FINANCEIROS	575,3	18,4%
TOTAL GASTOS	10.785,7	8,8%

Millóns de €

DISTRIBUCIÓN DOS ORZAMENTOS POR SECCIÓNS ORZAMENTARIAS

CONSOLIDADO		
Sección	2007	% Δ
Parlamento	20,51	6,7%
Consello de Contas	7,29	9,9%
Consello da Cultura Galega	3,07	7,3%
Presidencia da Xunta	195,97	7,4%
Vicepresidencia da Igualdade e Benestar	405,92	10,9%
C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	205,28	4,1%
C. Economía e Facenda	168,51	5,0%
C. Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	503,96	10,9%
C. Educación e Ordenación Universitaria	2.142,16	8,0%
C. Innovación e Industria	343,70	10,9%
C. Medio Rural	627,96	10,3%
C. Cultura e Deporte	175,10	6,3%
C. Sanidade	3.201,58	7,4%
C. Pesca e Asuntos Marítimos	228,26	4,8%
C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	203,40	3,0%
C. Traballo	330,30	10,9%
C. Vivenda e Solo	113,66	5,6%
Consello Consultivo de Galicia	1,73	3,3%
Transferencias a Corporacións Locais	885,24	7,9%
Débeda Pública da Comunidade Autónoma	602,47	17,1%
Gastos de diversas consellerías	101,76	51,9%
TOTAL Administración Xeral	10.467,82	8,8%
Servizo Galego de Promoción da Igualdade	10,71	2,7%
Escola Galega da Administración Pública	4,90	7,1%
C.E.X.E.S.G.A	3,76	74,7%
Instituto Galego de Estatística	5,17	1,5%
Tribunal Galego de Defensa da Competencia	0,91	1,6%
Instituto Galego de Consumo	7,73	18,3%
SERGAS	3.290,14	7,4%
Augas de Galicia	144,91	4,8%
Instituto Galego das Artes Escénicas	8,22	5,2%
Fondo Galego de Garantía Agraria	63,57	1,4%
Instituto Galego de Vivenda e Solo	108,51	11,9%
TOTAL OO.AA.	3.648,51	7,3%
TOTAL Consolidado	10.785,74	8,8%

CADRO 14. SOCIEDADES MERCANTÍS

SOCIEDADES MERCANTÍS	PRESUPOSTO DE EXPLOTACIÓN			PRESUPOSTO DE CAPITAL		
	2.007	2.006	DIF. 2007/2006	2.007	2.006	DIF. 2007/2006
RETEGAL, SA	5.384	5.197	3,60%	569	556	2,34%
CEEI GALICIA	2.501	2.560	-2,30%	45	40	12,50%
XESGALICIA, S.A.	2.937	1.398	110,09%	968	88	1000,00%
SODIGA, S.A.	6.266	2.119	195,71%	4.367	1.321	230,58%
SPI GALICIA	5.533	3.710	49,14%	86.749	74.636	16,23%
ACEOUSA	8.340	70.094	-88,10%	90.998	97.040	-6,23%
XACOBEO	23.375	25.252	-7,43%	4.475	3.120	43,43%
TUR GALICIA	38.843	6.902	462,78%	16.472	15.689	4,99%
CESGA	2.105	1.750	20,29%	236	476	-50,42%
GALICIA CALIDADE	327	765	-57,25%	1.351	825	63,76%
DESENV. COMARCAL	6.676	6.390	4,48%	500	1.600	-68,75%
XENÉTICA FONTAO	2.878	2.295	25,40%	365	385	-5,19%
MEDTEC, S.A.	30.093	27.888	7,91%	6.188	4.326	43,04%
SOGAMA, S.A.	93.730	84.412	11,04%	15.938	21.669	-26,45%
XESTUR CORUÑA*	64.770	24.783	161,35%	35.005	16.193	116,17%
XESTUR LUGO*	34.341	49.827	-31,08%	19.675	35.861	-45,14%
XESTUR OURENSE,*	33.313	44.993	-25,96%	868	21.915	-96,04%
XESTUR PONTEV.*	76.718	53.038	44,65%	50.432	50.193	0,48%
TOTAL SOCIEDADES	438.130	413.373	5,99%	335.201	345.933	-3,10%

CADRO 15. ENTES PÚBLICOS

ENTES E FUNDACIÓNS	PRESUPOSTO DE EXPLOTACIÓN			PRESUPOSTO DE CAPITAL		
CRTVG	122.953	123.281	-0,27%	17.377	15.982	8,73%
IGAPE	116.984	114.797	1,91%	10.445	5.436	92,14%
CES GALICIA	1.192	1.094	8,96%	42	42	0,00%
CIXTEC	15.574	14.344	8,58%	5.849	5.546	5,46%
PORTOS DE GALICIA	22.197	20.527	8,14%	38.267	30.974	23,55%
INEGA	8.486	2.430	249,22%	1.620	1.600	1,25%
AGADER	25.979	20.023	29,75%	48	41	17,07%
CIDADE DA CULTURA	3.424	1.240	176,13%	47.073	48.000	-1,93%
HOSPITAL DE VERÍN	13.242	11.385	16,31%	299	130	130,00%
INST.OFTALM	2.209	2.039	8,34%	199	210	-5,24%
HOSP. BARBANZA	18.129	15.911	13,94%	220	149	47,65%
HOSPITAL XUNQUEIRA	15.511	13.315	16,49%	207	112	84,82%
FEGAS	2.929	3.300	-11,24%	830	430	93,02%
FORO PERMANENTE		329	-100,00%		10	-100,00%
URXENC SANIT.061	38.768	34.110	13,66%	238	251	-5,18%
HOSPITAL SALNES	18.516	16.429	12,70%	173	134	29,10%
TRANSFUSIÓN DE G	21.455	23.261	-7,76%	1.133	550	106,00%
MEDICINA XENÓMICA	1.475	870	69,54%	98	19	415,79%
INSTITUTO CONTROL DO MEDIO MARIÑO	2.347	1.938	21,10%	3.000	4.530	-33,77%
EPOSH	3.883	3.574	8,65%	108.846	96.146	13,21%
TOTAL ENTES E FUNDACIÓNS	455.253	424.197	7,32%	235.964	210.292	12,21%

2.- AS PRIORIDADES DO GOBERNO E A SÚA MATERIALIZACIÓN NO ORZAMENTO CONSOLIDADO

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma Galega para 2007 baséanse nas prioridades da política social e económica do Goberno. Estes orzamentos continúan co compromiso de acelerar o proceso de converxencia e conteñen medidas para manter o actual modelo de desenvolvemento económico cara a unha economía máis competitiva e aberta aos mercados e sectores de futuro.

Nestes Orzamentos faise un apoio decidido pola educación, tanto na promoción educativa como nos servizos e axudas complementarias das ensinanzas, e especialmente na educación universitaria.

Impúlsanse medidas de apoio e fomento da investigación, do desenvolvemento, da innovación e da sociedade da información e do coñecemento.

Nos orzamentos do 2007 estableceense programas de infraestruturas competitivas e de mellora da accesibilidade e transporte que incrementan o atractivo deste territorio para investir e traballar e facilitar a captación de investimentos estratéxicos. Este forte apoio á dinamización económica e impulso ao crecemento económico completase con potentes programas de promoción de solo para actividades económicas e apoio á modernización e internacionalización das empresas.

As medidas de creación intensa de emprego de calidade céntranse na mellora da cualificación no emprego, no fomento da empregabilidade e apoio ao emprendemento e non esquecen a inserción dos colectivos máis desfavorecidos, a mocidade e as mulleres, no mercado de traballo. É salientable o esforzo de investimento na prevención dos riscos laborais.

O gasto social é prioridade básica destes Orzamentos. Neste plano, destacan os programas de protección e promoción da saúde, de ampliación dos servizos de atención a persoas con discapacidade e dependentes, as medidas de acción e promoción social, de igualdade, de promoción e protección ás mulleres e de ampliación dos equipamentos culturais e actividades deportivas.

As medidas de impulso ás políticas sociais poñen o acento na vivenda, tanto na recuperación e rehabilitación do patrimonio edificado como no acceso á vivenda, especialmente do colectivo da mocidade.

A prioridade de avanzar no reequilibrio territorial reflíctese nestes Orzamentos con programas para a protección do medio ambiente de xeito compatible cun desenvolvemento sostible, valorizando e dinamizando os medios rurais e costeiros. Estas medidas incrementarán a capacidade de atracción e promoción dos territorios con menor crecemento e, tamén, unha maior disposición de equipamentos e apoios para fortalecer a cohesión social en todo o territorio.

OBXECTIVOS DE POLÍTICA ECONÓMICA DO GOBERNO DE GALICIA 2007

1.- Crecemento do PIB = 3,4%

É dicir, un obxectivo de incrementar o PIB dúas décimas por enriba da media nacional.

Polo que fai a demanda, o compoñente máis dinámico será a formación de capital (5,1%), polo efecto da positiva evolución dos seus dous principios capítulos: bens de equipo e vivenda nova.

O consumo privado rexistrará, do mesmo xeito, un crecemento do 2,9 %, tres décimas inferior as previsións para o 2006. Esta suave moderación do comportamento do consumo é a resposta esperada ao encarecemento do crédito para os fogares endebedados.

A boa marcha das exportacións anticipa un mellor comportamento do sector exterior que reducirá a súa aportación negativa ó crecemento do PIB, como consecuencia dun maior crecemento das exportacións de bens e servizos (5,8 % no 2007), o que é un obxectivo perfectamente alcanzable pola leve recuperación económica das principais economías da Zona Euro.

2.- Crecemento do emprego = 2,8%

Dun xeito semellante ao ocorrido non conxunto dá economía española, o signo alcista da conxuntura que está atravesado Galicia no que vai do ano 2006 traducíuse nun importante saneamento do noso mercado de traballo. Todos os indicadores dispoñibles confirman esa importante mellora:

Así o rexistro de afiliados á Seguridade social proporciona un incremento interanual do 3,4% para os nove meses que van desde xaneiro a setembro de 2006, case un punto porcentual por riba do ocorrido no mesmo período de 2005.

En segundo termo, o paro rexistrado presenta un forte descenso que, entre os meses de xaneiro e setembro de 2006, ascendeu a 34.600 persoas, o que supón a sexta parte da diminución rexistrada a escala estatal.

Finalmente, os datos estimados pola EPA confirman a boa marcha seguida polo mercado de traballo en Galicia, de tal modo que entre os segundos trimestres de 2005 e 2006 a cifra de ocupados creceu a unha taxa do 3,5%, elevándose este rexistro ata un 6,2% no caso da ocupación feminina. A cifra de desempregados diminuíu un 22,1% polo que a taxa de desemprego redúcese en dous puntos porcentuais, situándose nun 8,6%, nivel practicamente idéntico ao do conxunto da economía española, e que ademais é o máis baixo que rexistra a economía de Galicia desde o 3er trimestre de 1982.

Manter esta tendencia descendente do desemprego é o outro gran obxectivo destes Orzamentos. Aplicando a Galicia a mesma hipótese de moderación salarial que recollen os PGE para 2007, o emprego en termos de Contabilidade Nacional incrementarase un 2,8%, un obxectivo que se sitúa tres décimas de punto máis que o obxectivo para o conxunto español.

En termos absolutos iso suporá a creación de 30.900 postos de traballo equivalentes a tempo completo, o que equivale a 35.000 ocupados da EPA, que permitirá situar a taxa de paro arredor dun 8%.

OBXECTIVOS SOCIAIS

No plano económico os orzamentos do 2007 oriéntanse a continuar consolidando as bases da modernización e o crecemento da economía galega de xeito equilibrado e sostible có obxectivo de elevar a calidade do benestar social dos cidadáns.

Por segundo ano consecutivo o orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria medra cunha taxa similar á media de incremento do orzamento total da Comunidade Autónoma.

Este forte impulso no gasto en capital humano reflicte o interese do goberno galego na calidade da educación, como elemento básico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia e instrumento da igualdade de oportunidades.

No 2007, o executivo galego realiza un importante esforzo inversor na formación do capital humano que vaise concentrar na extensión da gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio, na ampliación das bolsas de estudo de linguas estranxeiras. Tamén na extensión da sociedade da información e do coñecemento no ámbito das aulas con axudas aos alumnos e as súas familias para adquisición de ordenadores e cun equipamento informático avanzado dos centros educativos. Para contribuír a conciliación da vida laboral e familiar, incrementase a dotación de investimentos na mellora dos servizos complementarios da ensinanza como a extensión do acompañante no transporte escolar ao 100% das liñas con obrigación desta figura e no apoio aos comedores escolares.

É salientable o reforzo financeiro ás Universidades galegas e a súa promoción científica e técnica, o investimento (345 millóns) para este obxectivo medra un 12,2%.

A necesidade de consolidar a sociedade do coñecemento esixe un incremento nos investimentos en I+D+i. No 2007. O Plan galego de investigación e desenvolvemento aumenta o seu gasto nun 25,3% respecto do ano anterior e os programas de fomento da sociedade da información medran un 23%.

Tamén realizase un apoio decidido por estender o uso das TIC a todos os ámbitos económicos e sociais, facilitando aos cidadáns a utilización de novos servizos máis eficientes.

Estas medidas apoian e desenvolven o soporte das actividades económicas. Os recursos para o desenvolvemento empresarial incrementáanse en máis do 11% e os programas de apoio á modernización e mellora da produtividade experimentan un elevado crecemento do 19% respecto do ano anterior. Todas estas medidas complementáanse para conquistar unha maior produtividade, competitividade e apertura da economía galega.

Os investimentos en infraestruturas céntranse en mellorar a accesibilidade e o transporte e as súas conexións loxísticas.

O obxectivo de dotar ao territorio dun sistema de intermodalidade entre os medios de transporte que os integre, e que a vez, os conecte cós centros produtivos e os espazos loxísticos, demanda continuar cón esforzo de investimentos en infraestruturas. Os recursos para programas de transporte incrementáanse nun 15%. As actuacións en

urbanismo e contornos urbanos das cidades medra un 11,2% destinado a mellorar a ordenación do territorio

É salientable o reforzo inversor no acondicionamento de solo empresarial que crece un 63,6% respecto do ano anterior , nunha aposta por ofrecer espazos de oportunidade para as empresas en breve prazo.

A terceira prioridade destes orzamentos é a creación de máis emprego e de maior calidade. A este obxectivo destínanse 331,5 millóns de euros, un 11% máis que no 2006. O investimento concéntrase na mellora e fomento da empregabilidade con 205,3 millóns para desenvolver importantes programas para a integración laboral de colectivos desfavorecidos (79,6 millóns). Tamén destaca o investimento en proxectos de cualificación no emprego, con 15,2 millóns e na prevención de riscos laborais.

No ámbito do emprego, son novedosos os programas de apoio a adquisición de experiencia laboral, estudos de novos xacementos de emprego e fomento do emprendemento.

O gasto en servizos públicos e políticas sociais é a quinta prioridade destes Orzamentos, cun presuposto de máis de 4.001 millóns de euros. Os recursos da sanidade pública concéntranse na atención especializada, destacando o plan de saúde mental que medra un 80,4% e os plans de loita contra a drogodependencia cun incremento do 18%. Tamén é novedosa a inclusión dun programa de estilos de vida saudable para prevención e promoción da saúde.

O fomento das políticas de igualdade e protección social son outro obxectivo prioritario destes orzamentos. Neste senso, a dotación para o desenvolvemento deste tipo de políticas vese incrementada nun 11% con respecto ao exercicio anterior. O orzamento dedicado aos servizos sociais de atención ás persoas maiores, con discapacidade e dependentes, case triplicase mentres que os programas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, incrementan os seus recursos nun 70% e as accións para a igualdade e protección da muller medran un 35,3%. A posta en marcha de 56 novas escolas infantís e 400 novas prazas residenciais para persoas dependentes, indica o interese en extender este tipo de servizos asistenciais.

O compromiso da Xunta de Galicia para garantir o acceso a unha vivenda digna queda reflectido no Orzamento para 2007. Os programas de vivenda crecen un 9,5% respecto do ano anterior. A Consellería de Vivenda e Solo centra a súa actuación na rehabilitación do patrimonio edificado e nas axudas para acceso á vivenda, estes programas crecen un 12% máis que no ano anterior.

Tamén contémpanse neste orzamentos o fomento da cultura e a promoción do deporte. O investimento en equipamentos culturais crece un 25%, e na promoción da actividade deportiva medra un 10,15%.

Outra prioridade nestes Orzamentos son as actuacións de protección e mellora do medio natural, destacan os programas de promoción do coñecemento do medio ambiente e fomento da sostenibilidade que medran un 22%.

As actuacións de valoración do medio rural con accións preventivas incrementan os seus recursos nun 45,2% e outro tanto sucede cós programas de modernización e diversificación do tecido produtivo rural que crecen un 10%. No medio litoral, son as actuacións de protección e mellora do medio natural marítimo as que concentran os investimentos duplicando os seu presuposto.

OBXECTIVOS TERRITORIAIS

Poñer en valor o territorio, mediante políticas de sustentabilidade ambiental, de calidade urbanística e de habitabilidade e outra das prioridades do goberno galego. O plan de reequilibrio territorial comprende medidas que incrementan a capacidade de atracción e promoción dos territorios con menor crecemento e, tamén, a súa disposición de equipamentos e apoios para fortalecer a cohesión social en todo o territorio, coordina actuacións sectoriais das distintas consellerías, por un importe de 225 millóns de euros, un 10% máis que no ano anterior.

En canto á colaboración con outras Administracións, o Fondo de Cooperación Local incrementase un 17,1% e mantense o fondo complementario.

Estas políticas faranse desde a solidariedade cun esforzo no gasto en cooperación ao desenvolvemento e axuda social que incrementa notablemente os seus recursos, crecendo un 39% respecto do ano anterior.